

Estudiantes dos IES Carballo Calero e Terra de Trasancos, no Galiciencia

Os alumnos amosarán os seus proxectos científicos na cita ourensá

P.C.R. FERROL

O Parque Tecnolóxico de Galicia-Tecnópole, con sede en Ourense, celebra desde onte e ata mañá unha nova edición de Galiciencia, “a maior feira científica de Galicia e recoñecida como unha das 20 actividades de referencia da Semana da Ciencia en España pola Fundación Española para la Ciencia y la Tecnología (Fecyt)”.

Máis de 2.200 persoas visitarán nestes días un encontro no que se dan cita un total de 50 proxectos científicos fraguados por estudantes galegos. Ferrolterra estará representada a través de cinco equipos, tres do IES Ricardo Carballo Calero de Ferrol e dous do Terra de Trasancos de Narón. Todos eles dispoñen dos seus propios stands para dar a coñecer os seus innovadores traballos.

Os proxectos realizados polos tres grupos do Ricardo Carballo Calero están relacionados coa materia de Física e Química, polo que están acompañados polo profesor Fernando Barbadilla. Así, o equipo integrado polos alumnos de 2º de Bacharelato Marco Antonio Barro Senra e Iker Freire Lado concorriron ao encontro co traballo titulado “¡Neno, non xogues coas luces”, consistente na realización dunha práctica cualitativa para poñer de manifesto as correntes auto-inducidas. “Intenta explicar por que, ás veces, se producen chispas ao abrir ou pechar o interruptor, ou o motivo polo que se funden as lámpadas cando se acenden e apagan repetidas veces”, informaron desde a organización.

ÍONS


Pola súa banda, os seus compañeiros Erik Yáñez Varela e Joaquín García Blanco, do mesmo curso, levaron a Galiciencia o proxecto “Os ións en movemento”, un traballo formulado como un conxunto de prácticas coas que se amosa a mobilidade de ións coloreados conxelando o seu movemento en xelatina.

Finalmente, Jaime Caneiro Costoya e Adrián Pérez Dopico, alumnos de 4º da ESO, explicarán aos asistentes á feria do Tecnópole a súa práctica sobre a for-



Equipo do Carballo Calero presente en Galiciencia

JORGE MEIS



Os estudantes do Terra de Trasancos cos seus proxectos

mación de cristais de prata, nun proceso “redox”, baixo unha lupa binocular cunha cámara conectada por USB a un ordenador, o que permite visualizar o proceso. “Os cristais empézanse a formar case instantaneamente e en poucos segundos pódese observar o seu crecemento”, comentou o profesor do centro ferrolán. “Cristais metálicos?... ao minuto é o título do traballo.

Fernando Barbadillo destacou como moi positiva a celebración de Galiciencia, tanto para os rapaces como para os docentes, xa que acuden profesores doutros

centros e comunidades autónomas coas que se produce un enriquecedor intercambio de experiencias.

NARÓN

Tanto o centro ferrolán como o naronés participan por segundo ano na actividade. No caso do IES Terra de Trasancos, desde onte están presentes na feira científica dous equipos, os integrados polos alumnos de 4º da ESO Adrián Fernández Pico e Carlos Ortiz Alvés, autores dunha maqueta de vivenda bioclimática; e Beatriz Martínez Rodrí-

TALLERES E ACTIVIDADES PARALELAS

Ademais da exposición dos 50 proxectos de alumnos galegos –hai tamén dous centros de Barcelona–, Galiciencia inclúe desde onte a celebración de múltiples actividades paralelas, como talleres sobre enerxías renovables, outro adicado á figura e ao legado do considerado “pai da Química galega”, Antonio Casares, ou un relacionado co cerebro. Tamén participa, por segundo ano, a Fundación Barrié, cun stand propio na feira no que desenvolverá o “Gran xogo da Ciencia”, entre outras propostas. Non faltarán tampouco un clásico xa do evento, o planetario móbil, que permitirá aos alumnos de Primaria que visiten o encontro achegarse ao fascinante mundo das estrelas. O cine tamén terá o seu espazo co taller “Fotogramas da ciencia”.

guez e Estefanía Villar García, que traballaron nun proxecto sobre cociñas e fornos solares. Os catro están acompañados en Galiciencia polos profesores Olga Martínez e Consuelo Castro. Nestes casos, a elección dos proxectos para a participación no Galiciencia tivo que ver coa celebración neste 2012 do Ano Internacional da Ciencia Sustentable.

Así, os dous primeiros alumnos elaboraron unha maqueta de vivenda bioclimática construída con materiais sinxelos como madeira e cartón fundamentalmente. Na mesma inclúense sistemas de aproveitamento enerxético como auga quente e calefacción usando a radiación do sol, electricidade producida por un aerogenerador e aproveitamento de biomasa.

As súas compañeiras, pola súa banda, amosan estes días o seu proxecto de deseño e construción de diferentes modelos de cociñas e fornos solares. “Empréganse materiais sinxelos e fáciles de conseguir”, apuntaron desde o centro. Co traballo pretenden dar a coñecer distintas posibilidades de aproveitamento da enerxía solar. ■

Investigadores do campus local participan no proxecto dunha Ecodraga

REDACCIÓN FERROL

O Grupo Integrado de Enxeñaría (GII) do campus de Ferrol, adscrito á Escola Politécnica Superior de Esteiro e dirixido polo profesor e investigador Richard Duro, participou no proxecto Ecodraga que onte foi presentado no Cento Tecnolóxico do Mar (Cetmar), en Vigo, como un exemplo de cooperación entre empresas, institucións de investigación e centros tecnolóxicos.

O mencionado grupo ferrolán forma parte dun consorcio, integrado por empresas e centros de investigación, que desenvolveu o proxecto, cuxo principal obxectivo é o desenvolvemento dun sistema innovador de dragado ecolóxico. Trátase dun novo buque dragador capaz de minimizar o impacto ambiental da súa actuación, tanto na zona de dragado como na de verquido dos áridos extraídos, á vez que capaz de xestionar materiais contaminados.

O proxecto foi financiado polo Centro para o Desenvolvemento Tecnolóxico Industrial (CDTI) en 2012. A promotora do mesmo é a firma Canlema, SL, empresa adicada á realización de traballos de dragado portuario e obras marítimas.

Para a realización deste proxecto deseñouse un equipo multidisciplinar que permitirá cubrir todos os retos prantexados no mesmo. O 66% do consorcio está formado por Pemes galegas que verán potenciadas as súas liñas de I+D grazas á participación no programa Interconecta, segundo salientan na web do proxecto.

REPRESENTACIÓN

A xornada de presentación da Ecodraga que onte se celebrou no Cetmar incluíu a exposición dos grupos de investigación inmersos no proxecto, así como o plan de verquidos de Galicia, a lexislación do dragado e outros aspectos destacados sobre a importancia desta actividade en España.

Na cita participaron representantes de entidades como o Cedex, Portos de Galicia e Portos do Estado. Tamén asistiu a vicerreitora do campus de Ferrol, Araceli Torres. ■